



**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E ORGANIZACIÓN NOS
ÓRGANOS XUDICIAIS DO ÁMBITO DO TRIBUNAL
SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

Texto actualizado e adaptado á Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza, e á Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional para prevención de contaxios, na versión actualizada e aprobada pola Comisión Permanente do CXPX en sesión do 8 de outubro de 2020

En cumprimento do acordo da Comisión Permanente do CXPX do 11 de maio de 2020 polo que se aprobaron os criterios xerais para a elaboración dos plans de reactivación da actividade xudicial pola salas de goberno da AN e dos TSX, a Sala de Goberno do TSXG fixou os criterios xerais que se seguirán na programación das axendas de sinalamentos no ámbito deste Tribunal. Para iso, elaborou un Protocolo para a Coordinación das Axendas de Sinalamentos acomodado ás previsións do Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza. Este protocolo foi aprobado polo Pleno da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sesión do día 29 de maio de 2020.

En data do 19 de setembro pasado publicouse no BOE a Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza, cuxa disposición derogatoria única.¹ derroga o Real decreto lei 16/2020. A súa disposición final décimo terceira fixa como data de entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

A Lei 3/2020 introduce melloras no Real decreto lei 16/2020, incorporando medidas de carácter procesual e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico, o que obriga a actualizar o protocolo aprobado polo Pleno da Sala de Goberno deste Tribunal Superior en sesión do 29 de maio 2020 e adaptalo ás medidas recentemente introducidas na citada norma legal.

Como novidade, inclúense no protocolo as medidas relativas á atención ao público nas sedes xudiciais, o cal xustifica a nova denominación como Protocolo de Actuación e Organización nos Órganos Xudiciais no Ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e incorpóranse unhas normas comúns sobre o uso dos edificios xudiciais.

Mantense a advertencia de que os criterios xerais que se seguirán na tramitación dos procedementos, e polo tanto na programación das axendas de sinalamentos no ámbito do TSXG, rexerán para cada orde xurisdiccional, sen prexuízo do establecido para efectos procesuais nos artigos 182 e seguintes da Lei de axuizamento civil.

ORDE DE PREFERENCIA NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS

En todas as xurisdicións seguirá a rexer, como criterio xeral, naqueles procedementos e asuntos que non tivesen concluído desde o levantamento da suspensión dos prazos procesuais, manter os sinalamentos efectuados con anterioridade ao día 15 de marzo (declaración do estado de alarma polo RD 463/2020).

- **XURISDICIÓN CIVIL:**

Tramitaranse e resolveranse con carácter preferente os seguintes procedementos:

1) Os procedementos que teñan recoñecido o carácter preferente de acordo coas leis procesuais.

2) Os procedementos que, estando aínda en tramitación, fosen considerados como servizos esenciais durante a vixencia do estado de alarma (declarados preferentes polo RD 463/2020, do 14 de marzo).

3) O procedemento especial e sumario en materia de familia regulado nos artigos 3-5 do Real decreto lei 16/2020, isto é, o procedemento especial e sumario que se debe tramitar para decidir as seguintes demandas:

- a) As que versen sobre pretensións relativas ao restablecemento do equilibrio no réxime de visitas ou custodia compartida cando un dos proxenitores non poida atender nos seus estritos termos o réxime establecido e, de ser o caso, custodia compartida vixente, como consecuencia das medidas adoptadas polo Goberno e as demais autoridades sanitarias co obxecto de evitar a propagación da covid-19.
- b) As que teñan por obxecto solicitar a revisión das medidas definitivas sobre cargas do matrimonio, pensións económicas entre cónxuxes e alimentos recoñecidos aos fillos, adoptadas en aplicación do disposto no artigo 774 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, cando a revisión teña como fundamento o feito de teren variado substancialmente as circunstancias económicas de cónxuxes e proxenitores como consecuencia da crise sanitaria producida pola covid-19.
- c) As que pretendan o establecemento ou a revisión da obriga de prestar alimentos, cando esas pretensións teñan como fundamento o feito de teren variado substancialmente as circunstancias económicas do parente obrigado á dita prestación alimentaria como consecuencia da crise sanitaria producida pola covid-19.

NOTA DE VIXENCIA: As actuacións procesuais iniciadas conforme o previsto nos citados artigos 3 a 5 do Real decreto lei 16/2020 rexeranse por eses artigos ata a súa conclusión (DT 1ª.2 da Lei).

4) Os procesos ou expedientes de xurisdición voluntaria en que se adopten as medidas a que se refire o artigo 158 do Código civil.

NOTA DE VIXENCIA: A preferencia na tramitación destes procesos ou expedientes manterase ata o 31 de decembro de 2020 (art.2.1 da Lei).

5) Os procesos derivados da falta de recoñecemento pola entidade acreedora da moratoria legal nas hipotecas de vivenda habitual e de inmobles afectos á actividade económica, os procesos derivados de calquera reclamación que puidesen formular os arrendatarios por falta de aplicación da moratoria prevista legalmente ou da prórroga obrigatoria do contrato, así como os procedementos concursais de debedores que sexan persoas naturais.

NOTA DE VIXENCIA: A preferencia na tramitación destes procesos manterase ata o 31 de decembro de 2020 (art.2.1 da lei).

6) Os incidentes concursais e demais actuacións previstas no artigo 9 da Lei 3/2020:

- a) Os incidentes concursais en materia laboral.
- b) As actuacións orientadas ao alleamento de unidades produtivas ou á venda en globo dos elementos do activo.
- c) As propostas de convenio ou de modificación dos que estivesen en período de cumprimento, así como os incidentes de oposición á aprobación xudicial do convenio.
- d) Os incidentes concursais en materia de reintegración da masa activa.
- e) A admisión a trámite da solicitude de homologación dun acordo de refinanciamento ou da modificación do que estivese vixente.
- f) A adopción de medidas preventivas e, en xeral, de calquera outra que a criterio do xuíz ou xuíza do concurso poidan contribuír ao mantemento e conservación dos bens e dereitos.
- g) O concurso consecutivo dunha persoa natural en insolvencia actual, que careza de masa activa e da posibilidade de formular un plan de pagamentos, instado por mediador, en que conste a lista provisional de acredores, cualificación fortuíta e solicitude do beneficio de

exoneración do pasivo insatisfeito, xunto coa declaración responsable por parte do debedor/a na que manifeste que non dispón de ningún activo.

h) O beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito.

NOTA DE VIXENCIA: A preferencia na tramitación destes procedementos manterase ata o 14 de marzo de 2021.

Nos demais procedementos procurarase seguir a seguinte orde de preferencia:

- 1) Os procedementos de familia con menores de idade e os que versen sobre a capacidade das persoas.
- 2) Os procedementos de familia nos que non estean implicados menores de idade.
- 3) Os que, aínda estando en trámite, fosen suspendidos como consecuencia da declaración do estado de alarma.
- 4) Os que, aínda estando en trámite, estaban pendentes de sinalamento a data do 14 de marzo e non estean incluídos nos números anteriores.
- 5) Os restantes.

• **XURISDICIÓN PENAL:**

A programación das axendas de sinalamentos para a práctica de dilixencias, vistas, audiencias ou celebración de xuízos farase conforme á seguinte orde de preferencia, sen prexuízo das preferencias que establece a nosa lexislación procesual para determinados asuntos:

- 1) En primeiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, fosen declarados preferentes polo RD 463/2020, do 14 de marzo.
- 2) En segundo lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, quedasen suspendidos durante o período de alarma, e pola orde en que quedaron.
- 3) En terceiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento antes do día 15 de marzo.

4) En cuarto lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento unha vez que se levantou a suspensión dos prazos procesuais.

• **XURISDICIÓN SOCIAL:**

Tramitaranse e resolveranse con carácter urxente e preferente os seguintes procedementos:

1) Os procedementos que teñan recoñecido carácter preferente, de acordo coas leis procesuais.

2) Os procesos previstos no artigo 2.1 d) da Lei 3/2020:

- a) Os procesos por despedimento ou extinción de contrato.
- b) Os derivados do procedemento para declarar o deber e forma de recuperación das horas de traballo non prestadas durante o permiso retribuído previsto no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra a covid-19.
- c) Os procedementos por aplicación do plan MECUIDA do artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.
- d) As denegacións de prestacións extraordinarias por cesamento de actividade previstas no artigo 17 do devandito Real decreto lei 8/2020.
- e) Os procedementos para a impugnación individual, colectiva ou de oficio dos expedientes de regulación temporal de emprego polas causas reguladas nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.
- f) Os que se tramiten para facer efectiva a modalidade de traballo a distancia ou a adecuación das condicións de traballo previstas no artigo 5 do mesmo RDL.
- g) As resolucións denegatorias de solicitude do recoñecemento do

dereito á asistencia sanitaria, sen prexuízo do desenvolvemento regulamentario da competencia da xurisdición contencioso-administrativa prevista pola disposición transitoria segunda do Real decreto lei 7/2018, do 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Saúde.

- h) As reclamacións sobre condicións de traballo de funcionarios e persoal laboral das administracións públicas.

NOTA DE VIXENCIA: A preferencia na tramitación destes procedementos manterase ata o 31 de decembro de 2020 (art. 2.1 da Lei).

Os procedementos previstos nos apartados c), d), e), f) e g) terán carácter urxente para todos os efectos e serán preferentes sobre todos os que se tramiten no xulgado, agás sobre aqueles os que teñan por obxecto a tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Nos demais procedementos, procurarase seguir a seguinte orde de preferencia:

- 1) En primeiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, fosen declarados preferentes polo RD 463/2020, do 14 de marzo.
- 2) En segundo lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, quedasen suspendidos durante o período de alarma, e pola orde en que quedaron.
- 3) En terceiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento antes do día 15 de marzo.
- 4) En cuarto lugar sinalaranse os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento unha vez que se levantou a suspensión dos prazos procesuais.

• **XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA:**

Tramitaranse e resolveranse con carácter preferente os seguintes procedementos:

- 1) Os procedementos que teñan recoñecido o carácter preferente de acordo

coas leis procesuais.

2) Os recursos que se interpoñan contra os actos e resolucións das administracións públicas polos que se denegue a aplicación de axudas e medidas previstas legalmente para paliar os efectos económicos da crise sanitaria producida pola covid-19.

NOTA DE VIXENCIA: A preferencia na tramitación destes procedementos manterase ata o 31 de decembro de 2020 (art.2.1 da Lei).

Nos demais procedementos, procurarase seguir a seguinte orde de preferencia:

- 1) En primeiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, fosen declarados preferentes polo RD 463/2020, do 14 de marzo.
- 2) En segundo lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, quedasen suspendidos durante o período de alarma, e pola orde en que quedaron.
- 3) En terceiro lugar, os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento antes do día 15 de marzo.
- 4) En cuarto lugar sinalaranse os asuntos que, estando aínda sen concluír, estaban pendentes de sinalamento unha vez que se levantou a suspensión dos prazos procesuais.

• **REXISTRO CIVIL:**

Tramitaranse de xeito preferente (art.2.3 da Lei):

1. As inscricións de nacementos, matrimonios e defuncións.
2. A expedición de certificacións, incluídas as de fe de vida e estado.
3. Os expedientes de matrimonio e celebración de vodas.
4. O trámite de xura nos expedientes de nacionalidade.

FORMA DE CELEBRACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROCESUAIS

- **Criterios comúns a todas as xurisdicións:**

1. Os actos de xuízo, comparecencias, declaracións e vistas, e en xeral todos os actos procesuais, realizaranse preferentemente mediante presenza telemática (art. 14.1 da Lei), principalmente nos que se prevexa a única intervención de profesionais.

2. Nos actos que se celebren mediante presenza telemática, o xuíz/a ou letrado/a da Administración de Xustiza ante quen se celebren poderá decidir a asistencia presencial á sede do xulgado ou tribunal dos comparecentes que estime necesarios (art. 14.6 da Lei).

3. Nas actuacións que se celebren de forma telemática, o órgano xurisdicional constituirase na súa sede xudicial (art. 14.1 da Lei).

4. Mentres non se elabore e publique a lei que regule as normas para a celebración de actos procesuais telemáticos (DF 1ª da Lei), o sinalamento e a celebración das actuacións telemáticas farase de acordo coa Guía para a celebración de actuacións xudiciais telemáticas, aprobada pola Comisión Permanente do CXPX o 27 de maio, ou coa guía ou outro instrumento normativo que a substitúa, e de acordo co Protocolo sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do TSXG que se encontre vixente.

5. Na celebración de xuízos, comparecencias, declaracións e vistas, e en xeral de todos os actos procesuais, de forma telemática, garantiranse os dereitos de todas as partes do proceso, con respecto da contradición e liberdade de declaración. En especial, deberá garantirse en todo caso o dereito de defensa dos acusados/as e investigados/as, en particular o dereito á asistencia letrada efectiva, á interpretación e tradución e á información e acceso aos expedientes xudiciais (art. 14.5 da Lei).

6. Na celebración de xuízos, comparecencias, declaracións e vistas, e en xeral de todos os actos procesuais, de forma telemática, garantirase o principio de publicidade das actuacións procesuais, incluída, de ser o caso, a presenza dos medios de comunicación acreditados.

7. As deliberacións nos órganos colexiados faranse, sempre que sexa posible, de modo telemático (art. 14.3 da Lei), e a sinatura das resolucións farase a través do portasinaturas.

8. No caso de celebración das actuacións procesuais en réxime presencial deberanse observar e cumprir as indicacións e prevencións sanitarias que en cada momento establezan as autoridades sanitarias e, en todo caso, as que se recollen na Guía de boas prácticas para a reactivación da actividade xudicial e adopción de medidas de saúde profesional para a prevención de contaxios en sedes xudiciais, aprobada polo CXPX o 29 de abril 2020, ou a guía ou outro instrumento normativo que a substitúa (guía actualizada, aprobada pola Comisión Permanente do CXPX en sesión do 8 de outubro de 2020). As dúbidas que suscite a súa aplicación consultarase co Consello Xeral do Poder Xudicial.

9. Queda reservado ao criterio xudicial escoller o sistema máis eficaz para poder celebrar o maior número de xuízos posible, podendo combinarse xuízos, vistas ou declaracións telemáticas con xuízos, vistas ou declaracións nas que estean presentes todas ou algunhas das partes.

10. Os informes médico-forenses, de equipos psicosociais de menores e familia e das unidades de valoración integral de violencia sobre a muller poderán realizarse baseándose unicamente na documentación médica existente á súa disposición, que poderá ser requirida a centros sanitarios ou ás persoas afectadas para que sexa remitida por medios telemáticos, sempre que iso for posible. De oficio, ou por requirimento de calquera das partes ou do facultativo/a encargado/a, o xuíz ou xuíza poderá acordar que a exploración se realice de forma presencial (art. 16 da Lei).

NOTA DE VIXENCIA: Todas estas medidas manteranse ata o 20 de xuño de 2021, inclusive, e prolongaranse ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, se a día 20 de xuño de 2021 se mantén a situación de crise sanitaria (DT 2ª da Lei).

• **Criterios específicos para a xurisdición civil:**

1. As audiencias previas realizaranse, preferentemente, de modo

telemático, sempre que os medios técnicos da sala o permitan; o órgano xudicial deberalles facilitar aos/ás profesionais os datos necesarios para accederen ao sistema de videoconferencia do órgano xudicial. En caso de conformidade das partes, este sistema de celebración podería estenderse aos xuízos (verbal e ordinario), no que respecta aos profesionais intervinientes.

2. En caso de celebración da audiencia previa ou vista na sala do órgano xudicial, os/as procuradores/as deberán comparecer ao inicio do acto na sede do órgano e, a continuación, o xuíz/a ou maxistrado/a poderá permitirlles abandonar a sala, de xeito que este se celebre sen a súa presenza física. A mesma solución sería aplicable nos procedementos en que non sexa preceptiva a intervención do procurador ou procuradora e a parte compareza por si mesma asistida de letrado/a, no caso de non se solicitar o seu interrogatorio, ou, unha vez practicado este, o xuíz/a ou maxistrado/a que dirixa a vista poderá autorizar que abandone a sala e, de ser o caso, a sede xudicial.

• **Criterios específicos para a xurisdición penal:**

1. Aínda no caso de xuízo telemático ou por medios tecnolóxicos, garantirase a presenza física do/a ACUSADO/A nos xuízos por delito grave.

2. Tamén se requirirá a presenza física do investigado/a ou acusado/a, a petición propia ou da súa defensa letrada, na audiencia prevista no artigo 505 da Lei de axuizamento criminal cando calquera das acusacións solicite a súa prisión provisional, ou nos xuízos cando algunha das acusacións solicite pena de prisión superior aos dous anos, salvo que concorran causas xustificadas ou de forza maior que o impidan.

3. Cando se dispoña a presenza física do acusado/a ou do investigado/a, será tamén necesaria a presenza física da súa defensa letrada, a petición desta ou do propio acusado/a ou investigado/a.

4. Na celebración de xuízos, comparecencias, declaracións e vistas, e en xeral de todos os actos procesuais, de forma telemática, garantirase en todo caso o dereito de defensa dos/as acusados/as e investigados/as nos procedementos penais, en particular o dereito á asistencia letrada efectiva,

á interpretación e tradución e á información e acceso aos expedientes xudiciais.

5. Promoverase a declaración por videoconferencia desde a sede do seu destino profesional de testemuñas e peritos que sexan funcionarios/as das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, da Administración estatal, das Administracións autonómicas, das corporacións locais ou do Imelga, pois a súa identificación e citación está debidamente garantida, tanto en xuízos como nas súas declaracións en fase de investigación.

6. Advertiráselles ás partes e demais intervenientes que se queren achegar documentación poden facelo previamente por Lexnet ou de modo telemático ao correo electrónico do xulgado, sen prexuízo de que a admisión da documentación quede diferida ao acto do xuízo ou á resolución de admisión/inadmisión.

7. Unha vez que o procedemento se encontre no órgano de axuízamento, no auto de admisión de probas indícaráselles ás partes que se teñen intención de chegar a un acordo de conformidade llo comuniquen ao xulgado, co fin de que o acordo se presente por escrito, asinado polo/a fiscal/a e letrado/a, e evitar unha afluencia de testemuñas e peritos, comparecendo o día sinalado unicamente o acusado/a, os profesionais designados e o Ministerio Fiscal.

• **Criterios específicos para a xurisdición social:**

1. Nos procesos en que sexa parte unha Administración pública, o expediente administrativo remitírase por Lexnet en formato PDF/A, con posibilidade de lector óptico OCR, previamente indexado con hipervínculo, ou de xeito telemático ao correo electrónico do xulgado.

2. Para garantir a axilidade das vistas, tanto telemáticas como presenciais, poderase requirir as partes para que presenten a proba documental e pericial por Lexnet previamente ao acto do xuízo, conforme o artigo 82.4 da Lei da xurisdición social.

• **Criterios específicos para a xurisdición contencioso-administrativa:**

1. Como alternativa ao xuízo telemático nos procedementos abreviados, se o maxistrado/a estima que o recurso podería non precisar a práctica de proba presencial poderá ofrecerlles ás partes, voluntariamente, a posibilidade de reconducir o litixio á vía análoga do "abreviado sen vista" do artigo 78.3 *in fine* da LXCA.

2. Nos procedementos abreviados en que haxa que celebrar vista poderá advertírselles ás partes e demais intervenientes que se queren achegar documentación poden facelo previamente por Lexnet ou de xeito telemático ao correo electrónico do xulgado, sen prexuízo de que a admisión da documentación quede diferida ao acto do xuízo ou á resolución de admisión/inadmisión.

3. En canto ao traslado dos expedientes administrativos ás partes nos procedementos, procurarase remitilos vía Lexnet, previamente escaneados, salvo que polo seu volume non sexa posible. No caso dos expedientes administrativos contidos en soporte CD, recoméndase utilizar o sistema de transferencia de arquivos pesados "XUNTARQUIVOS", dispoñible a través da intranet da Xunta de Galicia (<https://intranet.xunta.gal>). Este criterio facilitará a reprogramación das axendas de sinalamentos e, unha vez estendido a todos procedementos, contribuirá á súa axilización, evitando ademais a presenza de profesionais nos órganos xudiciais para a recollida e devolución dos expedientes administrativos.

NOTA DE VIXENCIA: Todas estas medidas manteranse ata o 20 de xuño de 2021, inclusive, e prolongaranse ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise ocasionada pola covid-19, se a día 20 de xuño 2021 se mantén a situación de crise sanitaria (DT 2ª da Lei).

UTILIZACIÓN DAS SALAS DE VISTAS
--

A) Competencia dos decanos/ás:

1. En canto á utilización das salas de vistas e demais recursos das sedes xudiciais, os/as decanos/as, coa participación das xuntas de xuíces/as, poderán establecer un calendario de utilización, procurando manter as actuacións procesuais xa programadas e priorizando, en todo caso, o carácter preferente ou urxente dos procesos que teñan esa consideración, así como os sinalamentos suspendidos como consecuencia da suspensión de prazos.
2. Igualmente, os xuíces/as decanos/as poderán someter á Administración prestacional as dúbidas que xurdan sobre as condicións sanitarias das salas de vistas.
3. Caso de necesidade de sala de vistas en diferentes días dos habituais, dirixirase oficio ao xuíz/a decano/a ou ao presidente da Audiencia Provincial ou de Sala do TSXG para buscar outra sala, se for posible.
4. Na programación das axendas teranse en conta as posibilidades de frecuencia na limpeza, ventilación e hixienización da sala entre sinalamento e sinalamento. Para coordinar os labores de limpeza, recoméndase remitir o listado de sinalamentos con antelación suficiente á Presidencia da Audiencia ou ao Decanato dos Xulgados.

B) Salas e espazos comúns:

5. Se o xulgado ou tribunal comparte sala de vistas con outros órganos xudiciais, a programación das axendas de sinalamentos farase coordinadamente cos/as letrados/as da Administración de Xustiza de todos os órganos que compartan a sala, seguindo as instrucións do xuíz/a ou maxistrado/a dos respectivos órganos xudiciais.
6. Se o xulgado ou tribunal comparte unha planta ou espazo do edificio no que se achan as salas de vistas doutros órganos xudiciais, a programación das axendas de sinalamentos tamén se fará coordinadamente cos/as letrados/as da Administración de Xustiza deses órganos xudiciais, seguindo as instrucións do xuíz/a ou maxistrado/a dos respectivos órganos xudiciais.

C) Acceso dos medios de comunicación:

7. Mentres se manteñan as medidas de prevención adoptadas como consecuencia da pandemia de coronavirus covid-19, a oficina de

comunicación do Tribunal Superior guíarase polas indicacións aprobadas pola Comisión de Seguimento na xuntanza do 7 de maio de 2020 sobre acceso dos medios de comunicación ás salas de vistas, e polos criterios de modificación do Protocolo da Comunicación da Xustiza, do que tomou coñecemento o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial o día 28 de maio e a Sala de Goberno do TSXG o día 29 de maio 2020.

D) Normas para evitar o tránsito e acumulación de persoas durante a celebración das vistas:

8. Na programación das axendas terase en conta a capacidade máxima da sala e a duración estimada do sinalamento, con separación temporal entre cada un deles, alternando sinalamentos con maior ou menor asistencia de persoas, separando a citación de testemuñas e peritos, nos casos en que sexa posible, e evitando unha prolongación superior a catro horas no emprego da sala por parte do mesmo órgano xudicial.

No ámbito penal, e no referente aos xuízos rápidos por delitos leves, recoméndase establecer pautas de coordinación coas distintas Forzas e Corpos de Seguridade do partido xudicial encargados da citación, así como co xulgado de instrución de referencia, para evitar acumulación de persoas nas sedes xudiciais.

9. Unha vez conclúa a intervención do perito ou testemuña, requiriráselle que abandone a sala e, de ser o caso, a sede xudicial.

10. En asuntos de litigación en masa, ás que os/as litigantes adoitan concorrer cos mesmos letrados/as, procurarase sinalar todos os posibles o mesmo día, de tal forma que se facilite que a sala sexa utilizada polos mesmos profesionais.

11. En asuntos relativos a unha parte implicada en multitude de litixios, as vistas trataranse de acumular de forma tal que se celebren o máximo número posible o mesmo día, deixando curtos intervalos de tempo entre unhas e outras, de maneira que só sexa preciso acondicionar o espazo ocupado polo letrado/a da outra parte.

12. No caso de que algunha das partes queira achegar documentos no acto, na medida do posible comunicarallo ao órgano xudicial previamente á

celebración do xuízo/vista/audiencia previa e remitirallo por Lexnet con anterioridade, iso sen prexuízo do que corresponda sobre a admisión ou inadmisión.

13. En todo caso, durante a celebración das actuacións xudiciais observarase a Guía de boas prácticas aprobada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, sen prexuízo das facultades de policía de estrados de quen presida o acto. Á dita autoridade asístea a facultade de limitar o acceso ás salas de vistas e dependencias xudiciais e de tomar calquera outra decisión que evite a acumulación de persoas sen observar a distancia interpersoal de dous metros.

E) Normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais:

14. Entre unha vista/xuízo/dilixencia e outra ventilaranse as salas de vistas e asegurarse a limpeza no que resulte necesario.

15. Quen exerza a policía de estrados poderá redistribuír os asentos na sala de vistas para garantir a distancia de seguridade, así como impoñer o uso de máscara se a distancia non fose posible.

16. Prohibirase tocar os micrófonos e os equipos audiovisuais.

17. Dispénsase do uso da toga a avogados/as e procuradores/as.

18. Á entrada de cada sede xudicial colocarse en lugar visible un cartel indicativo destas medidas, e farase conforme o modelo que se achega como anexo I, adaptado ás circunstancias específicas de cada órgano xudicial.

NOTA DE VIXENCIA: Todas estas medidas manteranse ata o 20 de xuño de 2021, inclusive, e prolongaranse ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, se a día 20 de xuño 2021 se mantén a situación de crise sanitaria (DT 2ª da Lei).

NORMAS SANITARIAS NO USO DOS EDIFICIOS XUDICIAIS

A) Entrada, saída e permanencia no edificio:

1. Procurarase que a entrada e a saída do edificio se faga a través de distintos accesos.
2. Prohíbese a entrada ao edificio con luvas.
3. Prohíbese o acceso ao edificio de toda persoa que mostre síntomas comunmente compatibles coa covid-19.
4. Con carácter xeral, queda prohibida a entrada indiscriminada de persoas con motivo da adquisición de boletos de lotería, tarxetas de homenaxe e similares.
5. A visita no edificio xudicial de persoas que non vaian desenvolver un labor profesional requirirá cita previa.
6. A concorrencia excesiva de persoas no acceso ao edificio facultará as forzas de seguridade para suspenderen transitoriamente a entrada.
7. Autorizaráselle a entrada aos edificios xudiciais e aos xulgados —se as circunstancias do capacidade o permiten— á persoa que acompañe as vítimas dos delitos.
8. É obrigatorio o uso de máscara para o acceso ao edificio xudicial e aos espazos comúns durante todo o tempo de permanencia neles.
9. É obrigatorio o uso de máscara nos despachos e oficinas do edificio xudicial.
10. Manterase sempre a distancia interpersonal de 1,5 metros na interacción en **todos os eixes de relación: lateral, anterior e posterior.**
11. Utilizaranse individualmente os ascensores no caso de que a súa capacidade non permita manter a distancia interpersonal de seguridade.
12. Cubriranse o nariz e a boca ao tusir e esberrar, preferentemente cun pano desbotable.
13. Evitarase tocar os ollos, o nariz ou a boca
14. Non se compartirán obxectos ou utensilios de oficina e evitarase o contacto con superficies compartidas: botóns de ascensores, pomos de portas...
15. Prohíbese a colocación de obstáculos que impidan o acceso ao edificio xudicial e ás oficinas xudiciais.

B) Circulación e estancia no edificio:

1. Efectuarase sempre polo lado dereito dos corredores e escaleiras.
2. Realizaranse frecuentes lavados de mans, con carácter preferente ao uso de xeles hidroalcohólicos.
3. Nas oficinas que teñan atención ao público admítese o uso de pantallas protectoras.

Á entrada de cada sede xudicial colocarse en lugar visible un cartel indicativo destas medidas, e farase conforme ao modelo que se achega como anexo I, adaptado ás circunstancias específicas de cada órgano xudicial.

HORARIO MAÑÁ/TARDE

No caso de acumulación de sinalamentos, os xuízos, comparecencias, declaracións, vistas e, en xeral, todos os actos procesuais, celebrados tanto de forma telemática como presencial, poderanse repartir en horario de mañá e tarde, segundo as dispoñibilidades funcionariais, reservando para o horario de tarde aqueles xuízos que non requiran a intervención de moitos intervinientes e que sexan de duración considerada curta.

NOTA DE VIXENCIA: Esta posibilidade manterase ata o 20 de xuño de 2021, inclusive (art. 22.1 da Lei).

ATENCIÓN AO PÚBLICO EN SEDES XUDICIAIS

A) Atención ao público por vía telefónica ou correo electrónico:

A atención ao público en calquera sede xudicial e para dar a información que sexa posible facilitar por razón da súa natureza farase preferentemente

por vía telefónica ou a través do correo electrónico habilitado para tal efecto por cada órgano xudicial. Os teléfonos e correos electrónicos de cada órgano xudicial encóntranse publicados na páxina web www.xustiza.gal

B) Atención ao público de forma presencial. Cita previa:

Para aqueles casos en que resulte imprescindible acudir á sede xudicial será necesario obter previamente a correspondente cita, de conformidade co protocolo vixente.

OS PROFESIONAIS (AVOGADOS/AS, PROCURADORES/AS, GRADUADOS/AS SOCIAIS) QUE POR RAZÓN DO SEU LABOR PROFESIONAL TEÑAN QUE ACUDIR Á SEDE DOS ÓRGANOS XUDICIAIS NON NECESITARÁN PEDIR CITA PREVIA, sen prexuízo de que durante a estancia na sede xudicial, e xa desde o seu acceso, deban respectar as medidas sanitarias impostas.

Á entrada de cada sede xudicial colocarase en lugar visible un cartel indicativo destas medidas, e farase conforme ao modelo que se achega como anexo II, adaptado ás circunstancias específicas de cada órgano xudicial.

NOTA DE VIXENCIA: Estas medidas manteranse ata o 20 de xuño de 2021 inclusive (art. 18 da Lei).

Este protocolo foi aprobado polo Pleno da Sala de Goberno do TSXG en sesión do 30 de setembro de 2020 e substitúe o Protocolo para a Coordinación das Axendas de Sinalamentos nos Órganos Xudiciais do Ámbito do TSXG aprobado polo Pleno da Sala de Goberno en sesión do 29 de maio de 2020. A súa adaptación á Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional para prevención de contaxios, en versión actualizada e aprobada pola Comisión Permanente do CXPX en sesión do 8 de outubro de 2020, foi aprobada pola Sala de Goberno do TSXG en sesión do 9 de outubro de 2020.

ANEXO I

NORMAS SANITARIAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO NOS EDIFICIOS XUDICIAIS

A) Entrada, saída e permanencia no edificio:

1. Procurarase que a entrada e a saída do edificio se faga a través de distintos accesos.
2. Prohíbese a entrada ao edificio con luvas.
3. Prohíbese o acceso ao edificio de toda persoa que mostre síntomas comunmente compatibles coa covid-19.
4. Con carácter xeral, queda prohibida a entrada indiscriminada de persoas con motivo da adquisición de boletos de lotería, tarxetas de homenaxe e similares.
5. A visita no edificio xudicial de persoas que non vaian desenvolver un labor profesional requirirá cita previa.
6. A concorrencia excesiva de persoas no acceso ao edificio facultará as forzas de seguridade para suspender transitoriamente a entrada.
7. Autorizaráselle a entrada aos edificios xudiciais e aos xulgados —se as circunstancias de capacidade o permiten— á persoa que acompañe as vítimas dos delitos.
8. É obrigatorio o uso de máscara para o acceso ao edificio xudicial e aos espazos comúns durante todo o tempo de permanencia neles.
9. É obrigatorio o uso de máscara nos despachos e oficinas do edificio xudicial.
10. Manterase sempre a distancia interpersonal de 1,5 metros na interacción en todos os eixes de relación: lateral, anterior e posterior.
11. Utilizaranse individualmente os ascensores no caso de que a súa capacidade non permita manter a distancia interpersonal de seguridade.
12. Cubrirase o nariz e a boca ao tusir e esberrar, preferentemente cun pano desbotable.
13. Evitarase tocar ollos, nariz ou boca.
14. Non se compartirán obxectos ou utensilios de oficina e evitarase o contacto con superficies compartidas: botóns de ascensores, pomos de portas...
15. Prohíbese a colocación de obstáculos que impidan o acceso ao edificio xudicial e ás oficinas xudiciais.

B) Circulación e estancia no edificio:

1. Efectuarase sempre polo lado dereito dos corredores e escaleiras.
2. Realizaranse frecuentes lavados de mans, con carácter preferente ao uso de xeles hidroalcohólicos.
3. Nas oficinas que teñan atención ao público admítese o uso de pantallas protectoras.

C) Celebración de actuacións xudiciais:

1. Entre unha vista/xuízo/dilixencia e outra ventilaranse as salas de vistas e asegurase a limpeza no que resulte necesario.
2. Quen exerza a policía de estrados poderá redistribuír os asentos na sala de vistas para garantir a distancia de seguridade, así como impoñer o uso de máscara se a distancia non fose posible.
3. Prohibirase tocar os micrófonos e os equipos audiovisuais.
4. Dispénsase do uso da toga a avogados/as e procuradores/as.

**ANEXO II
(MODELO SEDE VARIOS ÓRGANOS XUDICIAIS)**

DECANATO DOS XULGADOS DE ---

ATENCIÓN AO PÚBLICO

A) Atención ao público por vía telefónica ou correo electrónico:

Os particulares que queiran obter información nalgún dos asuntos que se tramitan nos órganos xudiciais que se achán neste edificio xudicial deberán facelo con carácter preferente a través do teléfono ou correo electrónico, que poderán consultar na páxina web *www.xustiza.gal*

B) Atención ao público de forma presencial. Cita previa:

Para aqueles casos en que resulte imprescindible acudir á sede xudicial, será necesario obter previamente a correspondente cita, e farase a través do teléfono ou correo electrónico que poderán consultar na páxina web *www.xustiza.gal*

OS/AS PROFESIONAIS (AVOGADOS/AS, PROCURADORES/AS, GRADUADOS/AS SOCIAIS) QUE POR RAZÓN DO SEU LABOR PROFESIONAL TEÑAN QUE ACUDIR Á SEDE DOS ÓRGANOS XUDICIAIS NON NECESITARÁN PEDIR CITA PREVIA, sen prexuízo de que durante a súa estancia na sede xudicial, e xa desde o seu acceso, deban respectar as medidas sanitarias impostas.

ANEXO III

(MODELO XULGADO MIXTO ÚNICO)

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE ---

ATENCIÓN AO PÚBLICO

A) Atención ao público por vía telefónica ou correo electrónico:

Os particulares que queiran obter información nalgún dos asuntos que se tramitan neste órgano xudicial deberán facelo con carácter preferente a través do seguinte teléfono ou correo electrónico:

Teléfono:

Correo electrónico:

B) Atención ao público de forma presencial. Cita previa:

Para aqueles casos en que resulte imprescindible acudir á sede xudicial será necesario obter previamente a correspondente cita, o cal se fará a través do teléfono ou do correo electrónico antes sinalados.

OS/AS PROFESIONAIS (AVOGADOS/AS, PROCURADORES/AS, GRADUADOS/AS SOCIAIS) QUE POR RAZÓN DO SEU LABOR PROFESIONAL TEÑAN QUE ACUDIR Á SEDE DOS ÓRGANOS XUDICIAIS NON NECESITARÁN PEDIR CITA PREVIA, sen prexuízo de que durante a súa estancia na sede xudicial, e xa desde o seu acceso, deban respectar as medidas sanitarias impostas.